




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación
e Universidade

Gabinete de Normalización Lingüística

Avda. María Victoria Moreno, 43 - 6º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805537-986 805529
sxpl.pontevedra@xunta.es



PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2021/22 (PL500B)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Pola Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2021/22 (PL500B) (DOG núm. 249, mércores, 29 de decembro de 2021).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria, logo do informe elaborado pola Comisión Provincial de Cualificación, constituída no Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra, para a análise e cualificación dos proxectos (base 9 da convocatoria), a xefatura territorial formula esta proposta provisional de resolución de adxudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo I) e informa que non existen solicitudes excluídas.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao dito gabinete provincial (sxpl.pontevedra@xunta.es), no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Pontevedra

O xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

